



CAMPIONATO PROVINCIAL DE CENTROS EDUCATIVOS DE CROS

Venres, 15 de Marzo de 2024 – Porto do Son – Virxe do Loreto

ORGANIZAN: Servizo de Deporte da Coruña, Concello de Porto do Son, A.D. “As Rías” e Agrupación de Deportes do Barbanza.

PARTICIPANTES

Poderán tomar parte nesta Fase Provincial, todos os centros educativos clasificados nas correspondentes fases Intercomarcais das Zonas de Coruña, Ferrol, Noia e Santiago, e que vinculen aos equipos e atletas individuais clasificados ao evento no programa Xogade (<https://inscripcion-xogade.xunta.gal>). Unha vez entren no programa Xogade, teñen que ir ao **menú de actividade deportiva escolar** → eventos → **Campionato Provincial de Cros de Centros Educativos-Porto do Son**.

IDENTIFICACIÓN E ACREDITACIÓN DOS PARTICIPANTES

Os participantes deberán aportar a ficha do programa “Xogade” na cámara de chamadas, que facilita o programa informático na páxina de Internet <https://inscripcion-xogade.xunta.gal/>. De non ser así, é aconsellable vir provistos de D.N.I.

En calquera momento, o Xuíz Árbitro da competición ou calquera membro da organización cualificado para elo, poderá solicitar a IDENTIFICACIÓN dos participantes. Polo tanto, os/as delegados/as da cada centro educativo deberán portar o día da proba o listado da identificación dos/as atletas dos/as que sexan responsables.

CATEGORÍAS

BENXAMÍN: nados nos anos 2016-2015 masculino e feminino.

ALEVÍN.....: nados nos anos 2014-2013 masculino e feminino.

INFANTIL...: nados nos anos 2012-2011 masculino e feminino.

CADETE.....: nados nos anos 2010-2009 masculino e feminino.

SECRETARÍA PROBAS

A Secretaría xeral da competición, estará debidamente sinalada dentro do circuíto, lugar onde recollerán os dorsais os/as adestradores/as ou delegados/as dos centros educativos participantes.

SISTEMA DE COMPETICIÓN CAMPIONATO PROVINCIAL

Neste Campionato Provincial, os equipos clasificados dos centros educativos poderán formarse seleccionando aos/ás seus/súas atletas.

Cada centro educativo deberá participar na súa provincia correspondente.

Ademáis, poderán participar de xeito individual os/as deportistas clasificados/as nas distintas Fases Intercomarcais.

LUGAR E DATA

Venres, 15 de marzo do 2024, en Porto do Son – Virxe do Loreto.

HORARIO

Entrega de dorsais.....: 11:00 horas, ou 30 minutos antes da proba correspondente na que participen

Desenrolo da Proba...: Dende as 11.30-13.30 horas

Os horarios son orientativos e irán en función do desenrolo das probas.

PREMIOS

Hora entrega: 13.30 h.

EQUIPOS.....: Entregaranse trofeos e medallas aos 3 primeiros clasificados en cada unha das categorías

INDIVIDUAIS: Entregaranse medallas aos/ás 3 primeiros/as clasificados/as en cada unha das categorías

INSCRICIÓN

Poderán tomar parte nesta Fase Provincial, todos os centros educativos clasificados nas correspondentes fases Intercomarcais das Zonas de Coruña, Ferrol, Noia e Santiago, e que vinculen aos equipos e atletas individuais clasificados ao evento no programa Xogade (<https://inscripcion-xogade.xunta.gal>). Unha vez entren no programa Xogade, teñen que ir ao **menú de actividade deportiva escolar** → eventos → **Campionato Provincial de Cros de Centros Educativos-Porto do Son**.



A clasificación individual é nominativa. Isto quere dicir que si o atleta clasificado non pode ir, non se pode substituír por outra persoa.

Teñen ata as **20:00 horas do 8 de marzo** para vincular aos equipos e atletas clasificados ao evento.

Na clasificación por equipos o mínimo de participantes por equipo é de 4 atletas nas categorías benxamín, alevín e infantil, e de 3 na categoría cadete.

O máximo de integrantes nun equipo é de 6 atletas en todas as categorías.

O día da competición, os/as delegados/as oficiais de cada centro educativo poderán realizar un máximo de DOUS cambios en cada categoría, sobre a inscrición previamente realizada. Estes cambios formalizáranse na Secretaría de Competición, até 30 minutos antes do comezo da proba correspondente, momento no que finalizará o prazo de confirmación. Esta posibilidade non exclúe de ter debidamente mutualizados/as aos/as corredores/as.

DORSAIS

Os dorsais serán facilitados pola Organización a través da Secretaría até 30 minutos antes do comezo de proba correspondente. Só se permitirá o uso dos dorsais facilitados, que non poderán cortarse, dobrarse ou ocultarse de xeito algún.

Os/as participantes quedan obrigados a levar os dorsais no peito, descalificándose o/a que non o/a leve así.

COMPOSICIÓN DOS EQUIPOS

Cada equipo estará formado por un mínimo de catro e un máximo de seis corredores/as (categorías benxamín, alevín e infantil), dos/ as que puntuarán os/as catro mellor clasificados/as ou un mínimo de tres e máximo de seis (só na categoría cadete). Nesta categoría cadete puntuarán os/as tres mellor clasificados/as.

Se unha entidade ten un equipo clasificado para participar na proba e o fai con máis de 6 corredores/as integrando o mesmo, este equipo será descalificado.

Non se poderá completar un equipo con atletas de categorías inferiores.

Todos os participantes deben presentarse portando a camiseta do seu centro educativo, da mesma cor.

CLASIFICACIÓNS

Estableceranse dúas clasificacións:

- **Individual.....:** Segundo a orde de entrada na meta.

- **Por equipos...:** A puntuación dos equipos resultará da suma dos puntos obtidos polos 4 (benxamín, alevín, infantil) ou 3 (cadete) atletas mellor clasificados de cada equipo, e gañará o equipo que menos puntos sume. No caso de producirse un empate entre 2 ou máis equipos, resolverase a favor do equipo no que obtivera a mellor clasificación o/a último/a das seus/súas atletas que puntúe. Aqueles equipos que non cheguen á meta cos/cas 4 ou, se é o caso, 3 atletas dos/das que puntúan, non puntuarán como equipo.

A participación dos centros educativos nesta modalidade de Cros remata neste Campionato Provincial.

DISTANCIAS E HORARIOS

Categoría	Distancia aproximada	Saída das Probas:
Benxamín feminino	800 m	11.30 h.
Benxamín masculino	800 m	11.45 h.
Alevín feminino	1500 m	12.00 h.
Alevín masculino	1500 m	12.15h.
Infantil feminino	2000 m	12.30 h.
Infantil masculino	2000 m	12.45 h.
Cadete feminino	2500 m	13.00 h.
Cadete masculino	2500 m	13.15 h.

Todos os/as atletas pasarán pola cámara de chamadas, 20 minutos antes do comezo da súa proba, coa licenza de Xogade, ou co DNI.

COBERTURA DO SEGURO

Toda a documentación referente á cobertura do seguro está dispoñible no programa Xogade, na páxina web <https://inscripcion-xogade.xunta.gal/>. Nesta páxina o acceso ao protocolo de actuación e á poliza do seguro é aberto.



Lembren que todo o corpo técnico, deportistas e familiares deben coñecer o protocolo de actuación do seguro de accidente deportivo.

TELÉFONO ORGANIZACIÓN

A.D. "As Rías"

Coordinador: Manuel Fontenlos (móvil: 670564597)

Correo Electrónico: adasrias@gmail.com

TRANSPORTE

As entidades que veñan de fora de Porto do Son, e precisen transporte, deberán solicitalo ao Coordinador da súa Zona, **antes das 20.00 horas do venres 8 de marzo de 2024.**

Na solicitude indicaran os seguintes datos: nome e día da competición, nome do centro educativo solicitante, nº prazas solicitadas (só deportistas e profesores responsables), hora prevista de saída, lugar de saída, enderezo de destino, hora prevista de regreso, nome e teléfono móbil persoa responsable.

Unha vez recibida a solicitude o Coordinador de Zona outorgará o transporte, nos casos en que o estime posible dentro das limitacións da contratación, e informará ao Centro Educativo que solicitou o transporte.

Non se xestionará ningún transporte se a solicitude é posterior á data arriba indicada.

Correos electrónicos dos coordinadores de zona:

Zona Coruña...: sdbus.coruna@xunta.gal

Zona Ferrol.....: deporteidadeescolar@hotmail.com

Zona Noia.....: adasriasdbus@gmail.com

Zona Santiago.: paalva53@edu.xunta.gal

coordinador: Servizo de Deporte 881960767

coordinador: José Amando (móvil: 660/211.720)

coordinador: Manuel Fontenlos (móvil: 670/564.597)

coordinador: Francisco Álvarez (móvil: 689/459.794)

OUTRAS NORMAS

Todos os aspectos non recollidos nesta normativa e na normativa específica de Cros da Secretaría Xeral para o Deporte serán regulados pola Organización do evento en coordinación co Servizo de Deporte da Coruña.

A todos os participantes se lles servirá unha bolsa con picnic

CIRCUITO



DEPORTE
GALEGO



A. D. ESCOLAR
AS RÍAS



DEPORTE GALEGO

XUNTA DE GALICIA

AGRUPACIÓN DEPORTIVA ESCOLAR AS RÍAS

PORTO DO SON

CATEGORÍAS	PERCORRIDO
BENXAMIN FEM E MAS	1 VOLTA B
ALEVÍN FEM E MAS	1 VOLTA B - C
INFANTIL FEM E MAS	1 VOLTA A + 1 VOLTA B - C
CADETE FEM E MAS	1 VOLTA A + 2 VOLTAS B - C

CAMPIONATO PROVINCIAL

CIRCUITO VIRXE DE LORETO - CROS - PORTO DO SON

